



O HOME Ó QUE LLE FALTABA ALGO

Érase unha vez un home que tiña motos cartos e unha gran mansión. Mais a pesar de todos os luxos que posuía, notaba que lle faltaba algo e non se atopaba cómodo na súa casa. Foi entón cando decidiu mercar outra que o fixese máis feliz.

Acudiu a unha gran inmobiliaria coa esperanza de atopar o que buscaba. Estivo máis dun mes visitando casas e casas pero ningunha o convencía.

Ensináronlle unha que tiña piscina, jacuzzi, un gran xardín... pero faltáballe algo. Outro día, mostráronlle unha moi moderna con todo automatizado: limpábase soa, preparaba a comida... pero el seguía pensando que algo lle faltaba.

Os da inmobiliaria xa non sabían que ensinarlle, pois xa non tiñan nada á altura dun señor como el. Entón preguntoulles o home se non tiñan nada máis, o que fose. E ensináronlle a última casa que quedaba inda que o advertiron de que non lle gustaría xa que ningún a quixera comprar e levaba xa moito tempo á venda.

Foron a visitala. Era unha casiña pequena, medio abandonada no medio do monte. Pero dentro, o home atopou xusto o que quería, e sentiuse moi feliz. Porque esa casa tiña o que ningunha outra posuía; tiña unha biblioteca con moitos libros que, estaba seguro, lle gustarían.

Dende ese día a vida do home cambiou completamente, xa que atopou nos libros moitas historias e aventuras que o fixeron sentir feliz como nunca antes o fora. E como se sentía tan orgulloso da súa biblioteca, invitaba a moita xente á súa casa e pasaban moitas tardes comentando os libros que máis lle gustaban a cada un.

Alba Miguéns Gómez, 4º E.S.O. A

